

# PLAN DE ORIENTACION

CURSO 2009- 2010

CEIP. PAZOS

## **1.-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**

## **2.-OBXECTIVOS XERAIS**

**2.1.-Obxectivos referidos ó centro**

**2.2.-Obxectivos referidos ó alumnado**

**2.3.-Obxectivos referidos ó profesorado**

**2.3.-Obxectivos referidos ás familias**

## **3.-PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS**

## **4.-ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN**

**4.1.-Estratexias referidas ó alumnado**

**4.2.-Estratexias referidas ás relacións do profesorado**

## **5.-RECURSOS COS QUE CONTAMOS**

**5.1.-Recursos humanos**

**5.2.-Recursos materiais**

## **6.-METODOLOXÍA**

## **7.-TEMPORALIZACIÓN**

## **8.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN**

## 1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### 1.1. Fundamentación legal da orientación.

A **lei Orgánica 1/1990**, de ordenación xeral do sistema educativo, no seu artigo 21, apartado 31, establece a atención psicopedagóxica e a orientación educativa e profesional entre os principios ós que debe atender a actividade educativa. Tendo en conta o anterior, no **Decreto 120/1998, do 23 de abril**, que regula a orientación educativa e profesional en Galicia créanse nos CEIPs e CEPs os DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN.

**Orde 24 de xullo de 1998** (DOG do 31) pola que se establece a Organización e funcionamento da Orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia.

**Orde do 27 de decembro de 2002**, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais.

**Orde do 20 de febreiro de 2004** pola que se establecen as medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro.

O actual curso tal e como se recolle na **Circular 18/2007 das Direccións Xerais de Ordenación e Innovación Educativa**, o horario da orientadora será: luns, mércores e venres no CEIP Manuel Masdias, sendo este o centro base e martes e xoves no CEIP de Pazos, na escola Esmelle acudirá cando se lle solicite intervención. Tal e como se menciona na circular este concepto de orientación compartida implica o establecemento dunha serie de criterios que os equipos directivos deben ter en conta á hora de establecer os seus plans de orientación pedagóxica, reunións de equipos docentes ou sesións de avaliación. É absolutamente necesaria a coordinación dos centros implicados co fin de evitar a simultaneidade de reunións ou a imposibilidade horaria, do mesmo xeito que o

xefe/a do departamento debe organizar o seu traballo para prestar a debida atención a cada un dos centros que teña asignados.

### **1.2. Descrición da zona educativa.**

O CEIP de Pazos, esta ubicado na parroquia de Serantes, a zona educativa está perfectamente descrita no PEC do centro.

- No actual curso o colexio recolle alumnos de EP e EI, o nº de alumnos é 64 , distribuidos en dúas aulas de EI e cinco de EP,

## **2. OBXECTIVOS XERAIS**

### **2.1-Obxectivos referidos ó Centro**

2.1.1.- Colaborar no desenvolvemento do PEC e do PCC do centro, e conseguir que o plan de orientación sexa un instrumento máis do PCC.

2.1.2.- Contribuir á dinamización da planificación e organización educativa.

2.1.3.-Cooperar coa comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, ANPA, comisións) e outras, favorecendo canles de comunicación e actuación.

2.1.4.-Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas participes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida..

### **2.2.- Obxectivos específicos referidos ó alumnado:**

2.2.1-Contribuir á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.

2.2.2.-Procurar a integración do alumnado con necesidades educativas específicas, dun xeito especial o alumnado de etnia xitana e o procedente do estranxeiro. E fundamental que a escola teña un carácter intercultural, tratando de extraer o que cada unha das culturas ten de carácter enriquecedor para o resto da poboación escolar.

Teremos en conta polo tanto a multidiversidade e o tratamento igualitario entre as diferentes etnias ou culturas.

2.2.3.-Atender as demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás NEAE. Organizar os apoios ó alumnado que precisen reforzo educativo dentro dos ciclos, coa colaboración do xefe de estudos e tendo en conta a disponibilidad de horario do profesorado

2.2.4.-Potenciar a orientación educativa e profesional, sobre todo no terceiro ciclo da educación primaria.

2.2.5.-Levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e acción tutorial con fines preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.

2.2.6.-Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, encardinadas no propio currículo.

2.2.7.-Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.

No primeiro momento do curso o alumnado atendido polas especialistas é o seguinte:

(1) Pedagogía Terapéutica: Apoio aos alumnos/as con NEAE de 1º, 2º, 3º e 5º de Educación Primaria. O apoio farase dentro da aula excepto o alumnado que ten ACI, o mencionado alumnado que ten ACI ou aqueles aos que temos previsto facerlla no actual curso recibirá apoio dentro ou fora da aula, valorando en todo momento a maior eficacia.

(2) Audición e Linguaxe: 9 alumnos e 2 sesións de Estimulación

da Linguaxe nos grupos de Educación Infantil.

Educación compensatoria: O apoio se centrará nos alumnos de EI e de 1º curso de Educación Primaria.

Por suposto, este é un apartado en constante modificación debido ás novas valoracións, reagrupamentos, altas, etcétera.

2.2.8.-Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas no Centro e no seu entorno sociocultural.

### **2.3.- Obxectivos referidos ó profesorado**

Estes poderían ser algúns:

2.3.1.-Coordinar a actuación do profesorado titor, do profesorado de apoio a NEAE e da orientadora, de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.

2.3.2.-Coordinar o proceso de avaliación formativa de cada grupo e a información ó alumnado e ás familias.

2.3.3.-Asesorar aos equipos docentes e aos equipos directivos en temas de avaliación, promoción e titulación, as posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas que delas se derivan, así como asesoramento ao alumnado e as súas familias. Así mesmo, prestarase apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado así como os criterios de avaliación formativa.

2.3.4.-Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.

2.3.5.-Colaborar na resolución das necesidades que teñan os/as titores /as para levar a cabo a función tutorial.

2.3.6.- Apoia-la actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que

poidan favorecer o seu labor docente e titorial.

#### **2.4.- Obxectivos referidos ás familias**

2.4.1.-Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.

2.4.2.-Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.

2.4.3.-Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.

2.4.4.- Informar e asesorar sobre aspectos que corrixan desigualdades económicas.

### **3. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS.**

Os obxectivos sinalados no apartado anterior débense agrupar en tres líneas fundamentais de traballo, elixindo actividades que durante o curso desenvolvan un plan coherente nestas tres vertentes:

- Apoio ó proceso de ensino aprendizaxe.
- A acción titorial.
- A orientación académico- profesional.

As accións prioritarias que se determinen deberán estar globalmente concebidas e ser interdependentes, aínda que se deberá especificar en cada caso a que vertente do plan afecta.

## **4. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**

### **1\_ Estratexias referidas ó alumnado**

#### **4.1.1.- Realización da avaliación e integración inicial do alumnado.**

Actividade de acollida, especialmente para o alumnado de novo ingreso.

No primeiro tramo do curso escolar os/as titores /as :

-Comentarán co alumnado os seus dereitos e deberes, informarán do funcionamento do Centro, da necesidade de elaborar unhas normas de convivencia específicas, dentro da propia aula, acompañadas dos mecanismos de control necesarios axustándose ó establecido no R.R.I.

-Unha vez que o grupo se coñeza, pódese facer a elección de delegado/a da clase, facendo unha análise do perfil e explicando funcións.

-Proporcionar ó alumnado, información referente ó calendario escolar, horarios, atención ás familias, actividades extraescolares e complementarias, programas escolares e criterios de avaliación.

-Coñecer as características do grupo titorizado, o sociograma, a observación sistemática e outras técnicas grupais serán de gran utilidade.

#### **4.1.2.-Detección e avaliación das NEAE do alumnado.**

-Colaboración equipos docentes, titores/as, familias e departamento de orientación para unha pronta detección de posibles NEAE do alumnado, co obxecto de busca-las respostas educativas adecuadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.

-A orientadora propondrá o modelo de intervención en cada caso e coordinará a actuación do profesorado de apoio, elevando ó xefe de estudos a



proposta de organización da docencia para este alumnado.

#### **4.1.3.-Habilidades e métodos de estudio e aprendizaxe.**

-Será labor de tódolos docentes do grupo, coordinados polo titor/a en colaboración co departamento de orientación, axudar ó alumnado para que adquiera procedementos axeitados de traballo intelectual.

-Deseñaranse actividades específicas para mellorar a comprensión e velocidade lectora, desenrolar a memoria, aprender a descubrir as ideas principais dun texto, aprender a subraiar, aprender a facer resúmenes, aprender a construír gráficos e esquemas, aprender a elaborar mapas conceptuais.

#### **4.1.4.-Orientación académica e profesional.**

Os tutores poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

-Que o alumnado teña coñecemento da estrutura do sistema educativo, das posibilidades de estudio a curto, medio e longo prazo no nivel de 6º curso.

-Que adquiren e utilicen procedementos facilitadores da reflexión e da toma de decisións e que procuren a mellora do autoconceito do alumnado.

#### **4.1.5.-Avaliación do alumnado.**

Os equipos de profesores/as poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

-Informar ó alumnado dos criterios polo que vai a ser avaliado.

-Afondar na correcta utilización das modalidades de avaliación continua, formativa e sumativa.

#### **4.2.-Estratexias referidas ás relacións entre o profesorado.**

É convinte que se faga referencia ós apartados seguintes:

##### **4.2.1.-Relación do/a titor/a co Dpto. de Orientación.**

Poñerá en práctica estratexias favorecedoras destes aspectos:

-Detectar e previr conductas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario de se-lo caso.

-Coordina-las actividades orientadoras e titoriais do Centro que afectan ó seu grupo.

-Participar activamente no desenvolvemento do plan de acción tutorial.

##### **4.2.2.-Relación do/a titor/a cos profesores /as.-**

-Facilitar o traballo en equipo e a coordinación dos ciclos e niveis, así como a canalización das propostas de acción conxunta a través da Comisión de Coordinación pedagóxica ou do DO.

-Informar ó resto do profesorado do grupo titorizado sobre aspectos de relevancia que poden incidir na mellora do ensino-aprendizaxe e da integración grupal do alumno titorizado.

-Participar nas sesións de avaliacións nas que se realizará unha síntese da avaliación formativa referente a:

-Os logros acadados polo alumnado en referencia á avaliación inicial.

-A situación actual do alumnado con NEAE.

-Os materiais empregados.

- A metodoloxía aplicada.
- A situación do grupo-clase.
- As ACI.

#### **4.2.3.- Relación do/a titor coas familias.-**

Os titores /as poñerán en práctica estratexias encamiñadas a:

- Favorecer unha adecuada comunicación familia-centro, comunicándolles horario de atención ás familias, mantendo entrevistas persoais, globais, etc.
- Informar ás familias dos aspectos educativos dos seus fillos /as e asimesmo, recabar a información necesaria para mellora-la situación escolar do alumno.

### **5. RECURSOS COS QUE CONTAMOS**

#### **5.1.-Recursos humanos.**

- Profesorado das especialidades
- Departamento de Orientación constituído con unha especialista de PT, unha de AL e unha profesora de educación compensatoria.

#### **5.2.-Recursos materiais.**

PCC, PEC.

Escalas de observación.

Fichas acumulativas e expediente do alumnado.

Material escolar e de reforzo.

Bibliografía específica sobre os aspectos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.

## **6. METODOLOXIA**

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de tódolos/as implicados/as no mesmo.

O desenvolvemento das actividades deberá estar baseado nestas estratexias metodolóxicas:

Traballo cooperativo estruturado desenvolvido en :

-Reunións colectivas:

Equipo de titores/as de nivel coas familias.

Titor/a con familias.

Nivel.

Ciclo.

Xuntas de avaliación.

Departamento de Orientación

Claustro, CCP, consello escolar.

Comisións.

-Reunións individuais entre os diferentes membros da comunidade a través de entrevistas para intercambios de información.

## **7. TEMPORALIZACIÓN**

Concrétanse neste apartado as actividades que faran posible a consecución dos obxectivos fixados neste plan, actividades que deberán ter un carácter flexible e revisable. Parece convinte presentalas agrupadas en tres períodos que

se correspondan cos trimestres lectivos.

ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN. CURSO 2009/10	
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Seguimento de casos anteriores: reforzo/ACI. Mestres e familias</li> <li>➤ Plan de actividades do DO</li> <li>➤ Seguimento e avaliación: período de adaptación e inicial (revisión expedientes novas incorporacións)</li> <li>➤ Valoración de novos casos.</li> <li>➤ Entrevistas cos titores/as e especialistas</li> <li>➤ Entrevistas coas familias</li> <li>➤ Seguimento do absentismo</li> <li>➤ Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos, etcétera</li> <li>➤ Manter as liñas de colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros públicos de Ferrolterra.</li> <li>➤ Coordinación PT, AL e mestres que fan apoios: deseño de intervencións</li> <li>➤ Participar nas sesións de avaliación</li> <li>➤ Compra de material</li> <li>➤ Actualización da documentación do departamento: rexistros de seguimento, avaliación, etcétera</li> <li>➤ Se pasará de 2º a 6º as probas de comprensión lectora BACEP, e se facilitarán textos aos titores para traballala, no 3º trimestre volverei a pasar as mencionadas probas para comprobar si houbo melloría.</li> </ul>
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Seguimento de n.e.e. e absentismo</li> <li>➤ Atención á diversidade no PEC</li> <li>➤ Valoración de novos casos.</li> <li>➤ Entrevistas cos titores/as e especialistas</li> <li>➤ Criterios para pasar de etapa</li> <li>➤ Coordinación PT e apoio a etnia xitana.</li> <li>➤ Participar nas sesións de avaliación</li> <li>➤ Compra de material</li> <li>➤ Programa de detección de perda auditiva</li> <li>➤ Avaliación de lectura comprensiva</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos, etcétera</li> <li>➤ Manter as liñas de colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros públicos de Ferrolterra.</li> </ul>
3º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> <li>➤ Seguimento de n.e.e. e absentismo</li> <li>➤ Valoración de novos casos.</li> <li>➤ Probas colectivas: 2º, 4º e 6º de EP e EI (5 anos)</li> <li>➤ Valoración colectiva da linguaxe oral (4 anos)</li> <li>➤ Entrevistas cos titores/as e especialistas</li> <li>➤ Informes finais.</li> <li>➤ Memoria do departamento de orientación</li> <li>➤ Becas e axudas</li> <li>➤ Coordinación PT e Apoio a etnia xitana.</li> <li>➤ Participar nas sesións de avaliación</li> <li>➤ Establecer e manter contactos e liñas de colaboración con aquelas institucións do entorno que sexa necesario: servizos sociais, sanitarios, terapéuticos, etcétera</li> <li>➤ Manter as liñas de colaboración cos Departamentos de Orientación dos centros públicos de Ferrolterra</li> <li>➤ Informe dos alumnos de 6º curso e xornada de acollemento no IES de Catabois (pendente de realización)</li> <li>➤ Compra de material</li> <li>➤ Se pasará de 2º a 6º as probas de comprensión lectora BACEP, e farei unha gráfica comparativa con respecto aos resultados do 1º trimestre para comprobar si houbo melloría.</li> </ul>

## 8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN.

A avaliación do plan de actividades levarase a cabo en momentos diferenciados:

-Dunha forma periódica, reunirse o departamento de orientación para analiza-la marcha das diferentes actividades e programas propostos para este

curso académico, realizando as oportunas melloras e modificacións. Facendo unha revisión trimestral de ditas actividades.

-Ó final do curso realizarase unha avaliación do proceso e dos resultados que quedará plasmada nunha memoria na que se incluírán as modificacións necesarias para o próximo curso.

En Ferrol, setembro de 2009  
A Xefa do Departamento de Orientación,

Asdo: Estrela Pita Villamar.